

## BASES DA CONVOCATORIA “CAMPAMENTO DE VERÁN II 2024”

### 1.- CONTIDO

A Concellería de Igualdade e Voluntariado do Concello de Nigrán a través do Centro de Información ás Mulleres organiza o “Campamento de Verán II 2024” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico e facilitar á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

### 2.- NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas ofertadas no “Campamento de Verán II 2024” é de 60.

### 3.- PERSOAS DESTINATARIAS

3.1- Poderán solicitar a súa participación no “Campamento de Verán II 2024” os **nenos e nenas nados entre os anos 2012 e 2021 que estean empadroados en Nigrán**. O empadroamento será comprobado polo Concello de Nigrán.

3.1.1- En canto a idade mínima para participar no campamento se establecen o seguinte requisito: As persoas nadas no ano 2012 non deberán cumprir os 12 anos antes da finalización do campamento e as persoas nadas no ano 2021 deberán ter cumpridos 3 anos ao inicio do campamento.

3.2- As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria, sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

### 4.- LUGAR DE REALIZACIÓN

O campamento desenvolverase no C.E.I.P. Humberto Juanes

### 5.- DATAS E HORARIOS

O campamento de verán desenvolverase do **2 de agosto ao 30 de agosto** de luns a venres en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas, agás os días festivos (15 de agosto).

Non se admitirán solicitudes de inscrición por un prazo inferior á duración do campamento.

Existe a posibilidade de ampliar o horario das 7:45 horas ás 15:15 horas para 60 participantes. A ampliación do horario só será posible sempre que haxa un mínimo de 10 solicitudes. No caso de que o número de solicitudes superara ás 60 prazas previstas, darase preferencia ás familias que acrediten a necesidade de acollerse a este horario. No caso de que se produzan empates as prazas serán adxudicadas de acordo co criterio previsto no punto nº 8 e 9 de estas bases.

### 6.- INSCRICIÓN

**O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 4 de xuño e rematará o día 11 de xuño.**

As solicitudes deberán ser presentadas no rexistro xeral do concello en horario de 9:00 horas a 14:00

horas de luns a venres.

As solicitudes tamén poderán ser presentadas a través da Sede Electrónica ([nigran.sedelectronica.gal](http://nigran.sedelectronica.gal)) a través do formulario de solicitude cos anexos correspondentes en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de inscrición. Igualmente poderán presentarse o formulario de solicitude e anexos correspondentes nas oficinas o rexistros doutras administracións públicas segundo o previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os formularios de inscrición poden descargarse da Sede electrónica ([nigran.sedelectronica.gal/taboleiro](http://nigran.sedelectronica.gal/taboleiro) de anuncios). Tamén poderán recollerse en formato papel na Oficina de Atención Cidadá ou no Centro de Información ás Mulleres.

## 7.- PREZO

Os prezos públicos para os “Campamentos Urbanos” foron aprobados pola Xunta do Goberno Local do Concello de Nigrán, de conformidade co establecido na Ordenanza Xeral de prezos públicos, e publicados no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 89 do día 07.05.2024.

### “CAMPAMENTOS DE VERÁN I E II”

#### Tarifa xeral

Campamentos de verán I e II horario ampliado.....85,00 euros

Campamentos de verán I e II horario ampliado.....75,00 euros

#### Tarifa bonificada

Campamentos de verán I e II horario ampliado.....21,25 euros

Campamentos de verán I e II horario ampliado.....18,75 euros

#### TARIFA BONIFICADA

Poderanse acoller a tarifa bonificada as familias en situación de necesidade ou de dificultade económico-financeira. Entenderase por situación de necesidade ou de dificultade económico-financeira cando os ingresos económicos mensuais (14 pagas anuais), da unidade familiar sexan iguais ou inferiores aos importes que se indican na seguinte táboa en función do número de membros que teña a unidade familiar:

Nº MEMBROS	%	IMPORTE
2		1.135,00 €
3	20%	1.362,00 €
4	40%	1.589,00 €
5	60%	1.816,00 €
6	80%	2.043,00 €
7	100%	2.270,00 €

Para o cómputo destes ingresos restarase ao importe mensual correspondente o aluguer ou hipoteca da

vivenda habitual ata un máximo de 300 euros mensuais.

As persoas que soliciten acollerse a tarifa bonificada deberán cumprimentar o Anexo II e acompañar a documentación sinalada no punto nº 10.1 de estas bases.

## 8.- REQUISITOS DE ACCESO:

Os requisitos de acceso serán exclusivamente os seguintes:

- 1.- Vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres
- 2.- Familias de especial vulnerabilidade
- 3.- Familias nas que ambas persoas proxenitoras se atopen nalgunha das seguintes situacións:
  - a) Que estean en situación laboral activa e non desfruten de vacacións durante o mes de agosto
  - b) Que realicen un curso de formación de forma presencial durante o período e horario de realización do servizo, a través dunha universidade, organismo público ou sindicato durante o mes de agosto.
  - c) Que existan outras cargas relacionadas co coidado

No caso de familias monoparentais deberá atoparse nalgunha desta situacións o pai/nai/titor/titora a cargo do/a menor.

Os supostos de custodia compartida non se considerarán familias monoparentais, polo que será necesario acreditar a situación de ambos proxenitores/as.

## 9.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

No caso de que as solicitudes formalizadas superen o número de prazas ofertadas atenderase a orde de inscrición segundo o número de rexistro e tendo en conta a preferencia segundo os colectivos prioritarios. Aos efectos de esta convocatoria serán colectivos prioritarios:

- Vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres
- Familias monoparentais
- Familias en situación de vulnerabilidade

Atendendo a estas condicións, a **orde de prelación** das solicitudes será o seguinte :

I.- **En primeiro lugar** terán preferencia as solicitudes formalizadas por mulleres **vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres**, no caso de que existan dúas ou mais solicitudes atenderase a orde de entrada da solicitude.

II.- **En segundo lugar** terán preferencia as solicitudes formalizadas por **familias monoparentais**, no caso de que existan dúas ou mais solicitudes atenderase a orde de entrada da solicitude.

III.- **En terceiro lugar** terán preferencia as solicitudes formalizadas por **unidades familiares en situación de vulnerabilidade**, no caso de que existan dúas ou mais solicitudes atenderase á orde de entrada da solicitude.

IV.- **En cuarto e último lugar** atenderanse as solicitudes formalizadas por **familias nas que traballen ambas persoas proxenitoras, realicen un curso de formación ou existan persoas dependentes a cargo**. As solicitudes ordenaranse por orde de entrada

## 10.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRIPCIÓN

- Solicitud de inscripción segundo o Anexo I
- Fotocopia do DNI da nai, do pai ou da persoa titora que asina a solicitude
- Fotocopia do DNI da ou do menor ou , no seu defecto fotocopia do Libro de Familia
- Fotocopia da Tarxeta Sanitaria

### Vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller

- ✓ Resolución xudicial outorgando unha orde de protección
- ✓ Sentencia firme
- ✓ Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de ser vítima de violencia de xénero
- ✓ Informe do Centro de Información ás Mulleres

### Familias monoparentais:

- ✓ Libro de familia
- ✓ Sentencia xudicial de separación/ divorcio /réxime de garda e custodia
- ✓ Certificado de falecemento da outra persoa proxenitora
- ✓ Acreditación da situación laboral, realización dun curso de formación de forma presencial ou a existencia doutras cargas relacionadas co coidado, segundo o establecido no apartado seguinte

### Familias nas que ambos/as proxenitores ou titores/as traballan realizan un curso de formación ou teñen persoas dependentes a cargo ata o segundo grao de parentesco

- ✓ Traballadores/as por conta allea: certificado de empresa na que traballen cada pai/nai, titor/a acreditativo de que estará efectivamente traballando durante o mes de agosto.
- ✓ Traballadores/as autónomos/as: informe de vida laboral ou copia do resgardo do pago do seguro social de réxime especial de traballadores autónomos (RETA) do mes de maio e declaración responsable de cada pai/nai, titor/a de que estará efectivamente traballando durante o mes de agosto. No caso de persoas traballadoras adscritas á unha mutualidade profesional deberán aportar copia do resgardo de pago da mutualidade profesional correspondente e declaración responsable de cada pai/nai, titor/a de que estará efectivamente traballando durante o mes de agosto.
- ✓ Documentación acreditativa de realizar un curso de formación de forma presencial organizado por unha universidade, administración pública ou sindicato no que figure as datas e horarios.
- ✓ Informe de servizos sociais ou resolución administrativa acreditativa da existencia de cargas relacionadas co coidado, onde conste o nome da persoa coidadora (debe ser unha das persoas proxenitoras).

### **Familias en situación de vulnerabilidade**

- ✓ Informe de Servizos Sociais ou do Centro de Información ás Mulleres

### **No caso de participantes con discapacidade**

- ✓ Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.

### **Outra documentación**

- ✓ Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade

### **10.1 .- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A SOLICITUDE DE TARIFA BONIFICADA**

As persoas solicitantes que desexen acollerse a tarifa bonificada deberán presentar o Anexo II que acompañarán coa seguinte documentación:

- ✓ Fotocopias das 6 últimas nóminas (de decembro de 2023 ata maio de 2024)
- ✓ Declaración de I.R.P.F. correspondente ao exercicio 2022 ou 2023 se xa fora presentada na Axencia Tributaria
- ✓ Informe de vida laboral
- ✓ Fotocopia íntegra do Libro de Familia
- ✓ Certificado de prestacións do SEPE
- ✓ Certificado de pensións
- ✓ Recibo de aluguer ou cota hipoteca
- ✓ Declaración xurada de ingresos (no caso de non ter ningún tipo de ingresos)

### **11.- PROCESO DE SELECCIÓN**

O proceso de selección será o seguinte:

- ✓ Avaliación das solicitudes e documentación presentada segundo o previsto nos punto nº 8 e 9 de estas Bases, do 12 ao 17 de xuño.
- ✓ Publicación das listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as e lista de agarda de ser o caso o día 18 de xuño no Taboleiro de anuncios (nigran.sedelectronica.gal / taboleiro de anuncios)
- ✓ Emendas de erros e/ou falta de documentación e presentación de reclamacións do 19 ao 21 de xuño.
- ✓ Publicación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as e lista de agarda de ser o caso,

que seguirá a orde que resulte da avaliación: o día 25 de xuño no Taboleiro de anuncios ([nigran.sedelectronica.gal](http://nigran.sedelectronica.gal) / taboleiro de anuncios)

En caso de baixas dos/as menores admitidos chamarase aos/as integrantes da lista de agarda seguindo a orde que figure na mesma.

- ✓ Confirmación da praza co pago da matrícula ata o día 15 de xullo. Previamente remitirase por correo electrónico a carta de pagamento. No caso de non abonarse o importe no prazo sinalado perderase o dereito a praza, e procederase ao chamamento dos/as integrantes da lista de agarda de ser o caso, seguindo a orde que figure na mesma.

## **12.- RENUNCIA DE PRAZA**

As persoas solicitantes que, tras obter praza desexen renunciar a ela antes de ter realizado o ingreso da cota da matrícula, deberán comunicalo por teléfono ao nº 986 383081 ou por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico [cim@nigran.org](mailto:cim@nigran.org) antes do día 7 de xullo de 2024.

## **13.- DEVOLUCIÓN DO IMPORTE**

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente abono para participar na actividade, se o neno/a non acude, só procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade ao inicio do campamento e por causa debidamente xustificada. En caso contrario non procederá a devolución do importe.

## **14.-PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE**

As bases serán publicadas no Taboleiro de anuncios ([nigran.sedelectronica.gal](http://nigran.sedelectronica.gal)/Taboleiro de anuncios)